

## DECRETO

### **ASUNTO: Nomeamento do xurado XXV Edición Premio Internacional de Gráfica Máximo Ramos 2018.**

O Concello de Ferrol, no ámbito das súas competencias en materia de promoción da Cultura (artigo 25.2.m) da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases do réxime local), organiza, a través da concellería de Cultura, o Premio Internacional de Gráfica Máximo Ramos 2018, do que este ano se realizará a súa XXV edición.

As bases do XXV edición do Premio Internacional de Gráfica Máximo Ramos 2018 foron aprobadas por decreto do Concelleiro delegado da Área de Cultura e Educación, Universidade, Deportes, Turismo e Festas en data 26.02.2018

Na base 5 establece a composición do xurado e coa finalidade de seguir a tramitación do expediente o Concelleiro delegado da Área de Cultura e Educación, Universidade, Deportes, Turismo e Festas adopta o seguinte:

**Primeiro.**-Nomear coma membros do xurado que procederá a selección das obras presentadas para a súa valoración no XXV Premio Internacional de Gráfica Máximo Ramos 2018, aos seguintes:

- Presidencia institucional: Jesús Basterrechea López, concelleiro delegado da Área de Cultura e Educación, Universidade, Deportes, Turismo e Festas do Concello de Ferrol.
- Presidencia técnica: David Barro, director da Fundación DIDAC
- Vogais:
  - Anne Heyvaert, profesora de Belas Artes na Universidade de Vigo.
  - Chus Villar, directora da Galería Noroeste
  - Suso Fandiño, artista gañador da última edición.
  - Carmela Montero, conservadora xefe da Fundación Luis Seoane, A Coruña.
- Secretaria: Laura López González, xefa da sección de Promoción Cultural e Turística.

Así o manda e asina o concelleiro delegado titular da Área de Cultura e Educación, Universidade, Deportes, Turismo e Festas por delegación do 11.10.2016 (BOP 20.11.2016), na Casa do Concello de Ferrol

O concelleiro delegado titular da Área de Cultura e  
Educación, Universidade, Deportes, Turismo e Festas

Ante min,  
O secretario xeral

Jesús Basterrechea López